



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

ANUNCIO CONCELLO DE BETANZOS

BASES DA CONVOCATORIA PARA UNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PSICÓLOGO/A NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BETANZOS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN.

1ª. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer o proceso selectivo para a provisión dunha **Bolsa de emprego** para a contratación laboral temporal, a través do sistema selectivo de **Concurso - Oposición**, dun posto de Psicólogo/a dos Servizos Sociais, como consecuencia da ausencia da titular do posto, con reserva do seu posto de traballo.

2ª. MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

A modalidade do contrato será a establecida no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, que regula que poderán celebrarse contratos de duración determinada para a substitución dunha persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo, sempre que se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución. As retribucións correspondentes a percibir serán as establecidas na RPT do Concello de Betanzos para devandito posto.

- Denominación: Psicólogo/a. Persoal laboral. Grupo: I. Nivel de CD: 18.

O persoal estará adscrito aos Servizos Sociais do Concello de Betanzos nos termos e condicións salientados nas Bases anuais reguladoras do "Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación Provincial da Coruña", ao que está adherido o Concello de Betanzos.

3ª. FUNCÍONS DO POSTO.

As funcións do posto serán ás propias de psicólogo/a do equipo de servizos sociais comunitarios, nomeadamente as que se enuncian na RPT do Concello de Betanzos, como son:

- Intervención psicolóxica con persoas e/ou familias que teñan un proxecto de intervención nos servizos sociais do concello.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

- Deseño, execución e avaliación de programas preventivos con distintos colectivos: familia, infancia, mocidade, terceira idade, etc.
- Coordinación con axentes sociais e colectivos profesionais para establecer accións preventivas comunitarias.
- Coordinación con outras institucións locais e autonómicas para levar a cabo programas e accións preventivas.
- Fomentar estilos de vida saudables na poboación en xeral.
- Desenvolvemento das tarefas administrativas relacionadas co seu posto.
- Funcións para as que o/a habilite o título de psicólogo/a.
- Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído/a.

4ª. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.
- Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidades deberán achegar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- Habilitación: non estar separado/a do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Titulación: estar en posesión do título de Grao en Psicoloxía ou equivalentes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- Requisitos específicos: estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en vigor, ou equivalente conforme á normativa aplicable.
- Certificación de Delitos de Natureza Sexual: a persoa aspirante debe acreditar a través de certificado do organismo pertinente, a carencia de delitos de índole sexual.

Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuiranse pola persoa aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do contrato.

5ª. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Quen desexe formar parte do proceso selectivo deberá presentar solicitude no **modelo oficial**, que figura no **Anexo II** a estas bases, xunto coa **declaración xurada** do **anexo III** e o **autobaremo de méritos** do **anexo IV**, xuntando a documentación acreditativa dos mesmos.

Os documentos presentaranse en copia simple e posteriormente a persoa seleccionada deberá presentar os orixinais para o seu cotexo. Non se tomarán en consideración os méritos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

Para a admisión nas probas selectivas correspondentes, deberase manifestar na solicitude que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data que remate o prazo de presentación.

A autoridade convocante, por si mesma ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer as persoas aspirantes, para os efectos procedentes.

A presentación da instancia presentaranse **preferiblemente por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Betanzos**, no prazo **de dez (10) días hábiles**, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no BOP de A Coruña, e poderán presentarse subsidiariamente en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6ª. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcaldesa – Presidenta ditará resolución no prazo máximo de tres días declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas, así como a de persoas excluídas xuntamente coas causas que motivaron a exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal.

Durante o prazo de 5 días hábiles poderanse corrixir os defectos das solicitudes e formular as reclamacións ás listaxes provisionais. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes.

De non presentarse reclamacións á listaxe provisional, esta considerarase definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da alcaldesa pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, a que se ditará no prazo máximo de tres días e se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

7ª. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador, estará constituído da seguinte forma, respectando o establecido no artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.

- Presidente/a: o persoal empregado que se nomee do mesmo grupo de titulación.
- Secretaria/o: a persoa que ostente a Secretaría municipal ou persoal en que delegue do mesmo grupo de titulación.
- Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía do mesmo grupo de titulación.

As persoas que compoñan o tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ao posto convocado.

As e os integrantes do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres das súas persoas integrantes.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus compoñentes presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á valoración de méritos ou de realización de probas selectivas, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal.

8ª. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición libre e a presente convocatoria será obxecto de publicación no BOP da Coruña.

O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

8.1. Primeira fase. Fase de oposición (de 0 a 20 puntos).

A fase de oposición consistirá na realización de tres exercicios obrigatorios e eliminatorios cunha puntuación máxima de 20 puntos:

8.1.1. Exame tipo test (de 0 a 10 puntos)

Consistirá en resolver 50 preguntas tipo test, máis 5 preguntas de reserva, con tres alternativas de resposta, do temario xeral e específico que figura no Anexo I, nun tempo máximo de 60 minutos.

As respostas correctas suman 0,2 puntos, as respostas incorrectas restan 0,05 puntos, e as preguntas non contestadas non se contabilizarán.

Para superar a proba é preciso acadar unha puntuación de 5 puntos dun máximo de 10 puntos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

8.1.2. Caso práctico (de 0 a 10 puntos).

Consistirá na resolución de dous supostos prácticos relacionados con varios dos temas establecidos no Anexo I da convocatoria, nun tempo máximo de 120 minutos. Neste exercicio valoraranse fundamentalmente a capacidade para aplicar os distintos coñecementos teóricos á resolución de supostos prácticos relacionados co posto de traballo. Valorarase de 0 a 10 puntos, debendo acadarse unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

8.1.3. Proba de coñecemento do galego. Consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aquelas persoas aspirantes que no acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de Celga 4 ou equivalente. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo precisa a declaración de apto.

8.2. Segunda fase. Concurso de méritos (de 0 a 10 puntos):

A fase de concurso de méritos das persoas aspirantes valorarase de acordo co baremo seguinte. A puntuación máxima que se poderá obter será de 10 puntos, sendo necesaria unha **puntuación mínima de 5 puntos** para superar a fase de concurso. A puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

8.2.1. Experiencia profesional (de 0 a 6 puntos).

- a) Servizos prestados como persoal da Administración local no posto de psicólogo/a: 0,10 puntos por cada mes completo.
- b) Servizos prestados como persoal de calquera outra Administración pública no posto de psicólogo/a: 0,08 puntos por cada mes completo.
- c) Servizos prestados en empresas privadas, ben por conta allea ou por conta propia, no posto de psicólogo/a: 0,06 puntos cada mes completo.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

A antigüidade anterior xustificárase mediante certificación de servizos prestados realizada pola Administración ou entidade onde prestasen os servizos, e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

8.2.2. Formación académica (de 0 a 4 puntos).

a) Cursos relacionados coa actividade para desenvolver impartidos por administracións públicas ou centros homologados, ata un máximo de 4,00 puntos:

- De máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- De máis de 70 a 100 horas: 0,40 puntos.
- De máis de 40 a 70 horas: 0,30 puntos.
- De 20 a 40 horas: 0,20 puntos.
- De 10 a 20 horas: 0,10 puntos.

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas, non se puntuará o curso. Os cursos de formación acreditaranse mediante presentación da fotocopia dilixenciada da certificación, título ou diploma no que figure nome do título, contidos e duración ademais da entidade impartidora.

A puntuación obtida nesta fase de concurso será computada na valoración final das persoas aspirantes que superaran a fase de oposición.

9ª. LISTAXE DE PERSOAS APROBADAS E BOLSA DE TRABALLO.

Rematadas as dúas fases anteriores o tribunal publicará no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Betanzos a relación de persoas candidatas por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada unha das fases do proceso selectivo. En caso de empate, será nomeada a persoa aspirante que tivese maior puntuación na fase de oposición.

O tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á alcaldesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e á realización do contrato.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Quen superara todos os exercicios e non consiga o posto de traballo pasará a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa un psicólogo/a para realizar algunha substitución, acudirá a dita bolsa seleccionando a quen se encontre en primeiro lugar na listaxe. Soamente poderá seleccionar á seguinte persoa cando quen se encontre en primeira posición rexeite o posto, o que suporá pasar ao final da lista.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- a) Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de familia.
- b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
- d) Outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.
- e) Estar en situación de emprego activo temporal e non escoller cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na listaxe e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego.

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia de 4 anos.

10ª. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Quen se encontre seleccionado/a en primeiro lugar, no prazo de cinco días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a listaxe de persoas aprobadas, deberá presentar na secretaría do Concello de Betanzos, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- c) Copia de ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do Carné de conducir clase B
- d) Certificado de delitos de natureza sexual.
- e) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- f) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- g) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- h) Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación.
- i) Certificado da conta bancaria.
- j) Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos do pagador.

As persoas que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratadas, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

11ª. INCIDENCIAS.

O tribunal do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

12ª. RÉXIME XURÍDICO.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

por RDL 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración local de Galicia.

Serán tamén de aplicación o RD 896/91, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos; o RD 364/1995, do 10 de marzo, Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, Texto refundido da Lei do estatuto de traballadores, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e todas as demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

13ª. NORMA FINAL.

As presentes bases, así como todas as actas administrativas que se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Betanzos, 18 de novembro de 2025.

A alcaldesa, María Barral Varela.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

ANEXO I.-TEMARIO

Bloque I. Materias xerais

1. A Constitución española de 1978. Estrutura. Principios xerais.
2. A Constitución española de 1978. Dereitos fundamentais. Liberdades públicas.
3. A organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas.
4. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido.
5. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Do poder galego. O Parlamento. A Xunta e a Presidencia.
6. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. As competencias de Galicia e o seu réxime xurídico.
7. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL). Disposicións xerais. O municipio: organización e competencias.
8. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL). A provincia: organización e competencias.
9. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL). A corporación local.
10. Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno nos concellos. Convocatoria e orde do día. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos.
11. Outras entidades locais. Mancomunidades. Comarcas e outras entidades que agrupen a varios municipios.
12. As áreas metropolitanas. As entidades locais de ámbito inferior ao municipio. Os consorcios.
13. A potestade normativa das entidades locais: Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. O Regulamento Orgánico. Os bandos.
14. Procedemento de elaboración e aprobación do orzamento das entidades locais.
15. O Concello de Betanzos: termo municipal, poboación e principais servizos.
16. Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais: recursos das entidades locais. Impostos, taxas, contribucións especiais. As ordenanzas fiscais.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

17. A actividade das administracións públicas: normas xerais de actuación.
18. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: a persoa interesada no procedemento.
19. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Requisitos: motivación e forma.
20. Eficacia e validez dos actos administrativos. A notificación e publicación dos actos administrativos.
21. Revisión dos actos en vía administrativa: revisión de oficio e recursos administrativos.
22. Dereito administrativo. As fontes do dereito administrativo. A lei e as normas do goberno con forza de lei. O regulamento e a potestade regulamentaria.
23. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo xeral: iniciación, ordenación, instrución, terminación e execución. O silencio administrativo.
24. Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público: Dereitos individuais dos empregados públicos. Dereitos individuais exercidos colectivamente. Deberes dos empregados públicos. Código de conduta.
25. O persoal ao servizo da Administración local: persoal funcionario, persoal laboral e persoal eventual.
26. Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantías dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas.
27. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia. Uso oficial do galego.
28. Prevención de Riscos Laborais: dereitos e obrigas das persoas traballadoras en materia de seguridade e saúde no traballo.
29. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.
30. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Bloque II. Materias específicas

1. Marco legal dos servizos sociais. Constitución Española, Estatuto de Autonomía e Lei de Bases de Réxime Local.
2. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
3. Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais de Galicia.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

4. O Consorcio Galego de servizos da igualdade e do benestar. Definición, finalidades e áreas de actuación.
5. O Consorcio de As Mariñas. O Plan Coordinador dos Servizos Sociais.
6. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: obxecto, ámbito de aplicación e principios reitores.
7. O Programa básico de educación e apoio familiar dos Servizos Sociais.
8. Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.
9. Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
10. Lei orgánica 8/2021 de protección integral á familia e á adolescencia fronte á violencia. Disposicións xerais. O deber de comunicación de situación de violencias. Sensibilización, prevención e detección precoz no ámbito dos servizos sociais.
11. A atención temperá en Galicia.
12. As persoas maiores. Aspectos sociais sobre o envellecemento. Necesidades, programas e recursos.
13. O envellecemento activo. Programas e recursos para persoas maiores do Concello de Betanzos.
14. A soidade non desexada. Estratexias de prevención.
15. Discapacidade: Concepto, necesidades e recursos.
16. Os programas de atención a persoas con discapacidade. Formulación xeral.
17. Orde do 13 de xullo de 2012 pola que se aproba a guía de actuación coordinada contra o maltrato ás persoas maiores e persoas con discapacidade.
18. Ley 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.
19. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. Disposicións xerais. Prestacións. Graos.
20. A Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia. Disposicións xerais.
21. Minorías étnicas. Características. Necesidades sociais e recursos. Aspectos demográficos.
22. Inmigración: situación actual, medidas de actuación e integración social.
23. Emigración: recursos e programas para emigrantes retornados. Recursos e programas para emigrantes no exterior.
24. Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria. Título I e II.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

25. Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero coas modificacións da lei 12/2016.
26. A organización dos sistema de protección e asistencia integral especializada fronte a violencia de xénero. Rede galega de acollemento.
27. Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais intersexuais en Galicia. Título I.
28. Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. Título preliminar. Título II.
29. Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para garantía dos dereitos das persoas LGTBI. Título preliminar. Título I (capítulo I e II).
30. Adiccións. Conceptos, clasificación e prevención comunitaria. Aspectos sociais da persoa adicta.
31. A Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024.
32. O Plan de trastornos aditivos de Galicia. Programas.
33. Adicción ao xogo de azar. Un modelo explicativo. Criterios diagnósticos do xogo patolóxico.
34. Adiccións ás novas tecnoloxías en persoas mozas e adolescentes. Características. Usos. Criterios diagnósticos. Tratamento e deshabitación das adicións.
35. O código deontolóxico da Psicoloxía. O segredo profesional.
36. Funcións do/a psicólogo/a no equipo de servizos sociais.
37. Plans, programas e proxectos. A labor do/a psicólogo/a na planificación comunitaria.
38. A avaliación psicolóxica. Conceptos e modelos de avaliación. O informe psicolóxico.
39. A avaliación psicolóxica. Técnicas e procedementos de avaliación. Metodoloxía.
40. Modificación de conduta. Definición de conduta. Antecedentes e consecuentes da conduta. Análise funcional.
41. Técnicas de modificación de conduta.
42. O traballo con grupos. Dinámicas de grupos: concepto e metodoloxía. Grupos de apoio.
43. Os trastornos de ansiedade e do estado de ánimo. Sintomatoloxía. Intervención psicosocial.
44. Prevención do suicidio e intervención nas condutas autolíticas.
45. Os trastornos da conduta alimentaria. Concepto, clasificación e intervención psicosocial.
46. Os trastornos do sono na infancia e na adolescencia.
47. Manexo psicolóxico das situacións de dó.
48. O estrés relacionado co rendemento académico. Estratexias de prevención e intervención.
49. O absentismo escolar. Estratexias para combatelo dende os servizos sociais.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

50. A intelixencia emocional. O desenvolvemento da resiliencia.
51. Habilidades sociais. Estilos de comunicación e asertividade.
52. Autoestima. Definición. Estratexias de intervención.
53. A familia. Principais métodos de intervención familiar.
54. Escolas de nais e pais. Aspectos organizativos.
55. O acoso escolar ou bullying. Definición. Modalidades. Secuelas psicolóxicas máis comúns.
56. Proceso de socialización e identidade de xénero na infancia e na adolescencia.
57. Tipos de violencia machista. Indicadores.
58. Acoso sexual e agresión sexual. Intervención básica.
59. A saúde afectivo sexual. Pautas de prevención das ITS e doutras condutas de risco.
60. O autocoidado da persoa profesional da Psicoloxía nos equipos do servizos sociais.
Síndrome de Burnout.

ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE DA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PSICÓLOGO/A DOS SERVIZOS SOCIAIS



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

NOME:		APELIDOS:	
DNI/NIF:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO POSTAL:			
CIDADE:		PROVINCIA:	
			C.P.:
LINGUA EXAME	☐ GALEGO ☐ CASTELÁN		
EXPOÑO:			
PRIMEIRO. Que estou informado/a da convocatoria que realiza o Concello de Betanzos para a bolsa de emprego temporal de Psicólogo/a dos Servizos Sociais, de acordo coas bases publicadas no BOP n.º do....., que declaro coñecer e aceptar. SEGUNDO. Que cumpro todos os requisitos esixidos na cláusula cuarta, comprometéndome a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado/a. POR ISO, SOLICITO Que o Concello de Betanzos me admita no proceso de selección, para o que achego a seguinte documentación: • Fotocopia do D.N.I. • Documentos acreditativos ou fotocopias dos méritos que se alegan para a valoración na fase de concurso.			
LUGAR:	DATA:	SIGNATURA:	
SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE BETANZOS			
De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos, A Coruña, correo@betanzos.net. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Non se cederán os datos a terceiras persoas, agás por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Para isto, o Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a protección de datos solicitándoa por correo electrónico no enderezo correo@betanzos.net.			

ANEXO III: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE:



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

D./D^a _____ con DNI _____, e enderezo en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE :

A) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

B) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionariado, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, non ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

C) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade para o posto.

Lugar, data e sinatura.

ANEXO IV. AUTOBAREMO DOS MÉRITOS

AUTOBAREMO



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata 6 puntos)

Concepto (posto/entidade)	Data de inicio - Data terminación	Duración (meses)	Puntos

TOTAL PUNTOS EXPERIENCIA:

1. FORMACIÓN (ata 4 puntos)

Nome do curso	Entidade	Nº horas	Puntos

TOTAL PUNTOS FORMACIÓN: